




**ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR**

**CIRCULAR INFORMATIVA. 1**

Con este escrito iniciamos o proceso informativo para que a renovación de membros do Consello Escolar conte coa máxima participación entre os membros da comunidade educativa.

En sucesivos documentos informaremos do proceso que conducirá á elección dos representantes dos distintos sectores entre os días 26 e 30 de novembro de 2018, segundo o que se recolle na

*"RESOLUCIÓN do 25 de setembro de 2018, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos" (DOG do 8 de outubro).*

A información de todo o proceso electoral estará dispoñible na páxina principal da web do centro.

Procedemento:

- O martes día 30 de outubro realizamos o sorteo para a designación dos membros que formarán parte da Xunta Electoral.

Esta Xunta está formada polo director, un profesor/a, un pai ou nai, un representante do persoal de administración e servizos, e un alumno/a.

Será constituída o luns 5 de novembro e terá como misión concretar o calendario electoral, admitir as candidaturas e proclamar aos candidatos electos.

A dirección deste IES anima a todos os pais e nais do alumnado a que presenten a súa candidatura e a que participen na votación, a fin de conseguir a máxima representatividade de pais e nais no Consello Escolar.

Recíbide un afectuoso saúdo.

A Serra de Outes , 26 de outubro de 2018

O DIRECTOR DO CENTRO E  
 PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL

Asdo.: Daniel Losada Andreu



✂

D / D<sup>a</sup> .....

Pai/Nai do alumno/a .....

Recibín a información referente as eleccións para o Consello Escolar (1).

Data: ..... de ..... de .....

Devolver o comprobante asinado ao titor/a

Asdo.: \_\_\_\_\_